

A ENERXÍA NUCLEAR: PARADIGMA DA INSUSTENTABILIDADE

Abandonar a enerxía nuclear é unha cuestión de vontade política, non hai ningún problema técnico, enerxético ou económico que o impida. É o desexábel e xusto desde a óptica cidadá e ambiental.

A evolución dos acontecementos nas últimas décadas demostraron que a enerxía nuclear é un rotundo fracaso social, ambiental, económico e tecnolóxico. Por iso, a enerxía nuclear encóntrase nunha situación de declive a nivel global.

As razóns dese declive son ben coñecidas:

A enerxía nuclear é perigosa: a traxedia de Chernóbil puxo punto final ao debate sobre a seguridade das centrais nucleares.

A contaminación radiactiva liberada neste desastre nuclear causou xa decenas de miles de vítimas mortais (200.000 en Ucraína, Bielorusia e Rusia segundo un informe recente da Academia de Ciencias Rusa) e o número seguirá crescendo. Máis de 160.000 Km² nas tres repúblicas ex-soviéticas ficaron extremadamente contaminadas con niveis por riba de 1 Curio de cesio-137 por Km², polo que debería terse evacuado a toda a poboación; porén, entre 5 e 7 millóns de persoas seguen vivindo nesas zonas altamente radiactivas. Na Unión Europea, 45.000 Km² quedaron contaminados con eses niveis de radiación.

- Alén de ser una tecnoloxía intrinsecamente perigosa, as centrais nucleares son instalacións de alto risco, ao seren, como os feitos demostraron, **obxectivo potencial de ataques terroristas.**
- Ademais dos ataques a instalacións do ciclo nuclear, existe a posibilidade do **desvío potencial de materiais nucleares para a fabricación de armas atómicas** con fins terroristas. Ou doutro tipo de sustancias radiactivas para a fabricación das chamadas “bombas sucias”.
- **É a enerxía máis sucia:** a industria atómica non foi capaz de achar unha solución segura e satisfactoria ao inmenso problema que supón xerar **residuos radiactivos** cuxa perigosidade permanece durante **decenas de miles de anos.**
- **Os residuos radiactivos son a proba máis clara da insustentabilidade da enerxía nuclear.** As centrais nucleares, cuxa vida útil técnica ronda os 25 anos, xera inexorabelmente uns residuos cuxa perigosidade prolongarase durante moitas decenas de miles de anos, e cos que non se sabe qué facer. **A xestión destes residuos a tan longo prazo presupón unha estabilidade social, política e económica das entidades de xestión e das sociedades humanas que a teimuda experiencia histórica até hoxe nos demostra imposíbel.**
- **No seu funcionamento rotineiro, as centrais nucleares emiten ao medio ambiente radiactividade:** efluentes gasosos radiactivos mediante a cheminea dedicada ao efecto e efluentes líquidos radiactivos ao mar, ao encoro ou ao río do que depende para a súa refrixeración.

- Se un accidente nuclear pode liberar doses masivas de radiactividade nun instante, as emisións rotineiras son responsábeis de xerar “doses baixas”. Mais a radiactividade ten efectos acumulativos. Un exemplo: segundo revela un estudo do Centro Nacional de Epidemioloxía do Instituto de Saúde Carlos III do Ministerio de Sanidade, a taxa de mortalidade por mieloma múltiple nas proximidades da central nuclear de Zorita é 4 veces máis alta do normal.
- **É unha enerxía moi cara.** A enerxía nuclear só foi capaz de sobrevivir nos países, como España, onde contou con fortes subsidios estatais e con apoio político cando xurdían os problemas financeiros.
 - Simplemente o custo da xestión dos residuos radiactivos (que viñemos pagando relixiosamente os cidadáns e as cidadás a través da tarifa eléctrica) en España, segundo os cálculos da Empresa Nacional de Residuos Radiactivos no seu 6º Plano Xeral de Residuos Radiactivos será de preto de 13.800 millóns de euros (custo calculado até o ano 2070: e despois desa data, que pasa?)
 - Un estudo pronuclear do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts de 2003 concluíu que, nas condicións actuais, **a enerxía eléctrica de orixe nuclear non é competitiva**. Para que o fose, os gastos de construción deberían diminuír nun 25%; os prazos de construción das centrais, reducirse a catro anos (actualmente é máis do dobre); que se reducisen os custos de operación e mantemento nun 8%,.... O que dificilmente se logrará, entre outras cousas, porque tanto os custos de construción coma os prezos do combustíbel nuclear son moi dependentes da evolución dos prezos do petróleo: en todas as etapas do ciclo nuclear consómense grandes cantidades de combustíbeis fóséis.
- **É a fonte de enerxía que menos emprego xera** por unidade de enerxía producida. Menos que calquera enerxía renovábel.
- **É rexeitada socialmente:** as enquisas de opinión demostran que a inmensa maioría da cidadanía española rexeita esta tecnoloxía polos seus graves inconvenientes. O último Eurobarómetro da Comisión Europea demostra que só o 4% da cidadanía española é partidaria da opción nuclear.
- **Está excluída dos mecanismos financeiros do Protocolo de Quioto**, decisión que se concretou en xullo de 2001, no Cumio de Bonn do Convenio Marco de Protección do Clima.
- Afortunadamente, a solución eficaz ao cambio climático existe: un modelo enerxético sustentábel cuxo eixo fundamental sexan as enerxías limpas (renovábeis e tecnoloxías de aforro e eficiencia). Aplicadas en todos os ámbitos -xeración de electricidade, transporte,....- poden lograr reducir de forma efectiva, tamén en termos económicos, as emisións de CO₂. **Os investimentos dirixidos a promover a eficiencia enerxética son sete veces máis efectivos cós dirixidos á enerxía nuclear á hora de evitaren emisións de CO₂.**
 - Precisamente nun contexto como o actual de aumento dos prezos dos combustíbeis, a marxe para aplicar de forma economicamente eficaz programas de aforro e eficiencia enerxética e xerar con enerxías renovábeis é aínda maior que antes.
 - Por outra banda, está demostrado que, **considerando o ciclo completo** das tecnoloxías de produción eléctrica non-fóséis (é dicir, a nuclear e as

renovábeis), **por cada kWh producido, a enerxía nuclear emite máis CO₂ que calquera das enerxías renovábeis.** Iso é porque en todas as etapas do ciclo nuclear –a minería do uranio, a fabricación do concentrado, o enriquecemento do mesmo, a fabricación do combustíbel nuclear, a construción das centrais nucleares, o seu mantemento e posterior desmantelamento, a xestión dos residuos radioactivos, etc..- consómense grandes cantidades de combustíbeis fóséis.

□**É prescindíbel.** Os casos de Alemaña e Suecia permiten comprobar que, se hai vontade política, é posíbel abandonar a enerxía nuclear ao tempo que se reducen as emisións de CO₂ en cumprimento das nosas obrigas co Protocolo de Quioto.

Pola contra, Francia, un país que apostou pola enerxía nuclear para a xeración de electricidade (ten 59 centrais nucleares, e máis do 75% da súa electricidade é de orixe nuclear) non está cumprindo cos seus compromisos co Protocolo de Quioto. Está afastándose cada vez máis do obxectivo acordado (incremento do 0% para o período 2008-2012) e iso é debido fundamentalmente ao crecemento das emisións de CO₂ no sector transporte, absolutamente dependente do petróleo, e onde a enerxía nuclear non ten nada que facer. Isto demostra claramente que a enerxía nuclear non ten ningún papel que cumprir para reducir significativamente a nosa dependencia dos combustíbeis fóséis. A solución está noutras medidas: o uso de biocombustíbeis, maior eficiencia nos motores, transporte colectivo, ordenamento do territorio....

•Non só **hai un enorme potencial sen aproveitar en España na eficiencia enerxética e nas enerxías renovábeis** (segundo un estudo recente realizado para Greenpeace polo Instituto de Investigaciones Tecnológicas, en España **as renovábeis poderían cubrir toda a demanda de enerxía prevista** para o ano 2050 e unhas 56 veces a demanda de electricidade), senón porque ademais en España hai un exceso de potencia eléctrica instalada que permitiría facelo sen sufrir problemas de subministro.

•**O uranio acábbase.** Segundo os estudos dispoñíbeis (como a última edición do Libro Vermello da Axencia da Enerxía Nuclear da OCDE) as reservas de uranio-235 fisionábel, o "combustíbel" dos reactores nucleares, chegarán só para unhas poucas décadas máis, aínda considerando niveis de consumo como os actuais (hoxe, 50 anos despois do seu "nacemento", a enerxía nuclear cobre tan só o 7% das necesidades enerxéticas mundiais).

□**E tamén vaise encarecer.** Agora é 5 veces máis caro que en 2002. Segundo o Libro Vermello da Axencia da Enerxía Nuclear da OCDE, as reservas coñecidas e recuperábeis a un custo inferior aos 80 dólares e aos 130 dólares (por quilogramo de uranio) son duns 3 e 4 millóns de toneladas, respectivamente, é dicir, menos da metade do que se entende necesario para satisfacer as demandas da industria nuclear.

□Hai máis uranio que ese na Natureza, mais o seu custo de extracción sería aínda máis caro e, o que é máis importante, a súa obtención será moito máis intensiva en enerxía fósil, coa conseguinte xeneración de CO₂. Isto invalidaría un dos principais argumentos a favor da enerxía nuclear. De feito, hai estudos que indican que ao extraer uranio de minas cunha mena inferior a 100 partes por

millón emítense máis dióxido de carbono do que logo se aforra ao substituír unha xeneración de electricidade equivalente por medio de gas natural.

É evidente que a enerxía nuclear non cumpre ningunha das premisas da sustentabilidade: nin a económica, nin a social nin a ambiental. É máis, **a enerxía nuclear é o paradigma da insustentabilidade.**

Abandonar a enerxía nuclear no Estado español, de forma progresiva pero urxente, é perfectamente posíbel desde o punto de vista enerxético e económico, alén de desexábel e necesario desde o punto de vista da seguridade e da protección do ambiente e a saúde. É tan só unha cuestión de vontade política.

O actual Goberno socialista manifestou ter esa vontade. Efectivamente, o PSOE e o seu Secretario Xeral, José Luis Rodríguez Zapatero, gañaron as eleccións xerais do 14 de marzo de 2004, facendo uso dunha serie de promesas como a de pechar as centrais nucleares de forma progresiva e substituír a súa achega enerxética por “*enerxías máis limpas, máis seguras e menos custosas*”, como reza o seu programa electoral ás Eleccións Xerais 2004 e mais no Acordo Programático PSOE-Los Verdes.

Este compromiso electoral é ademais un compromiso de Goberno, pois o propio Presidente Zapatero así o concretou no seu discurso de investidura perante o Congreso dos Deputados (e o ratificou no seu discurso na Moncloa o 16 de febreiro de 2005 para celebrar a entrada en vigor do Protocolo de Quioto así como no Debate do Estado da Nación de maio de 2005).

Se de verdade o Goberno desexa crear un modelo enerxético sustentábel que permita cumprir cos compromisos de Quioto, debe pór en marcha, canto antes, un plan de peche progresivo das centrais nucleares, empezando polas máis perigosas, como Garoña, e impulsar decididamente as enerxías limpas.

Reclamamos por tanto ao Partido Socialista e ao Presidente Zapatero que non defrauden á cidadanía e cumbran a súa promesa de pechar as centrais nucleares.

Madrid, 20 de Maio de 2006.

Manifiesto promovido por Ecologistas en Acción e Greenpeace e asinado por diversas organizacións e plataformas do Estado español.

A tradución do manifiesto ao galego foi realizada pola asociación ecoloxista Verdegaia (www.verdegaia.org).